



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Rodríguez, Pablo  
Barreiro Blas, Antonio  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Gil Villanueva, José M<sup>o</sup>.  
González Crespán, Araceli  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>.  
Montero Muñoz, María  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Varela Martínez, Iago

### DESCULPA ASISTENCIA

Allegue Aguete, Pilar

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 22 de abril de dous mil dez ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda.

O xoves, día **22 de abril de 2010**, ás 10:05 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 6 de abril de 2010.
2. Proclamación provisional de candidatos a representantes no Claustro, a representantes de alumnos no Consello de Departamento e a Reitor/a.
3. Acordo sobre a asignación do centro onde ten que votar o PAS destinado no Edificio ampliación Teleco-Minas.
4. Escrito de Dna. Ana Garriga Domínguez no que denuncia a actuación do vicerreitor do Campus de Pontevedra por comportamento partidista no proceso electoral.
5. Asuntos varios.
6. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 6 de abril de 2010.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Proclamación provisional de candidatos a representantes no Claustro, a representantes de alumnos no Consello de Departamento e a Reitor/a.

A participación é moito maior á das eleccións anteriores, en canto o número de candidaturas é moi superior.

Expón a secretaria xeral que nas candidaturas presentadas a Claustro se inadmiten provisionalmente só seis candidaturas, os motivos de inadmisión son: a presentación por un centro no que non está censada a candidata (presentou en dos centros); ter o DNI caducado ou non presentar DNI; non estar no censo (titulación non oficial, deseño); e estar no censo doutro centro (CC da Educación de OU e non de Pontevedra); non pór a circunscrición.

En relación ás candidaturas presentadas nos departamentos, as inadmisións están motivadas por presentar candidaturas a centros que non lles corresponden polo censo; por

presentarse a departamentos aos que non están adscritos; e outras por presentar a candidatura fóra de prazo (presentáronse na Subdelegación do Goberno de Ourense).

Apróbase por asentimento a proclamación provisional de candidatos que consta na documentación.

**Punto 3.** Acordo sobre a asignación do centro onde ten que votar o PAS destinado no Edificio ampliación Teleco-Minas.

Sinala a presidenta que se detectou que no censo de PAS hai persoal adscrito ao Edificio ampliación Teleco-Minas que non figura explicitamente na ubicación das mesas electorais para o sector PAS aprobada pola Comisión Electoral do 4 de marzo de 2010. Para evitar posibles problemas na Mesa Electoral no día da votación procédese a incorporar na Mesa da E.T.S. de Enxeñaría de Minas a dito persoal.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Escrito de Dña. Ana Garriga Domínguez no que denuncia a actuación do vicerreitor do Campus de Pontevedra por comportamento partidista no proceso electoral.

Expón a secretaria xeral o contido concreto do escrito presentado pola Prof<sup>a</sup> Garriga no que se fai referencia á convocatoria feita polo vicerreitor do Campus de Pontevedra aos delegados de alumnos dese campus para reunirse co candidato Salustiano Mato. A Prof<sup>a</sup> Garriga solicita á Comisión Electoral que se amoeste publicamente ao vicerreitor do Campus de Pontevedra e a o candidato a reitor de Alternativa Universitaria Salustiano Mato, e que se vele para que non se repitan eses comportamentos antipartidistas a antidemocráticos.

Recibida esta reclamación, pediuse ao vicerreitor un informe sobre os feitos acontecidos, informe que consta na documentación e no que se recoñecen os feitos descritos pola Prof<sup>a</sup> Garriga, indicándose en todo momento que actuou de boa fe e co único obxectivo de facilitar o intercambio de opinións entre os diferentes colectivos do campus e os precandidatos a reitor.

Ante todo isto, e tendo en conta que se trata dun feito illado, a proposta que se fai a esta Comisión, en coherencia co acordado na última sesión relativa aos carteis que apareceron na Facultade de Ciencias Sociais, é remitir ao vicerreitor un comunicado da Comisión no que se recorde o establecido no art. 50.1 da Lei Electoral Xeral.

En concreto: “Os poderes públicos que en virtude da súa competencia legal convocasen un proceso electoral, poden realizar durante o período electoral unha campaña de carácter institucional destinada a informar aos cidadáns sobre a data de votación, o procedementos para votar, os requisitos e trámite de voto por correo, sen influír en ningún caso, na orientación de voto dos electores”.

A Prof<sup>a</sup> Vaquero sinala que no escrito non se demostra que se tivera ocasionado un prexuízo a algún dos candidatos, xa que non se lle negou a mesma oportunidade o outro candidato. Non considera que sexa un acto partidista e así os decanatos están actuando tamén

como mediadores a hora de realizar convocatorias de encontros dos distintos colectivos cos precandidatos.

O Sr. Álvarez comenta que o problema en relación a este tema é o uso de información que se ten polo cargo, por exemplo, de delegacións de alumnos.

Debátese sobre o tema e a secretaria xeral clarexa que a información das delegacións de alumnos é pública en canto está na web, de xeito que non se empregou polo vicerreitor información que só teña polo seu cargo.

Incide a Prof. González Crespán en que o relevante é que a convocatoria se fai dende a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

O Prof. Bravo entende que o autenticamente relevante é determinar se efectivamente esa convocatoria pode influír na orientación do voto.

Debátese sobre todas estas cuestións pola Comisión Electoral e finalmente se acorda por unanimidade que se conteste o recurso tanto á recorrente como ao vicerreitor nos seguintes termos:

A Comisión Electoral acordou por unanimidade que non procede a amonestación pública en canto non existen evidencias de trato discriminatorio entre os candidatos e polo tanto non se considera un tratamento partidista e antidemocrático por parte do vicerreitor.

Agora ben, a Comisión Electoral para garantir un desenvolvemento normalizado do proceso electoral, recorda a vixencia do art. 50.1 da Lei Electoral Xeral que establece que: “Os poderes públicos que en virtude da súa competencia legal convocasen un proceso electoral, poden realizar durante o período electoral unha campaña de carácter institucional destinada a informar aos cidadáns sobre a data de votación, o procedementos para votar, os requisitos e trámite de voto por correo, sen influír en ningún caso, na orientación de voto dos electores”.

Apróbase por asentimento.

#### **Punto 5.** Asuntos varios.

Presenta a presidenta da Comisión a cartelería institucional das eleccións para publicitar o proceso electoral, así coma o voto electrónico.

Informa tamén a secretaria do modelo de papeleta de eleccións a Reitor polos distintos sectores.

Informa a secretaria sobre o Plan Piloto para a posta en marcha do voto electrónico, sinalando que: dos cinco departamentos que se ofreceron voluntariamente para empregar o sistema de voto electrónico, neste momento, á vista das candidaturas admitidas provisionalmente, só haberá eleccións en dous: Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción (T05) e Deseño na Enxeñaría (T01), en ambos haberá eleccións a PDI non doutor a tempo parcial.

Como os dous departamentos teñen a sede na E.U. de Enxeñaría Técnica Industrial, porase un único ordenador para facilitar a votación para ambos departamentos no lugar que se determine do centro.

Tendo en conta que o obxectivo desta experiencia piloto non sería representativa de celebrarse só nestes dous departamentos, se falará cos directores daqueles departamentos onde deben celebrarse eleccións a representantes de alumnos, que son os de Dereito Público e Dereito Privado, para utilizar este sistema de voto electrónico nas eleccións.

As sedes destes departamentos están en Ciencias Xurídicas pero teñen docencia ampla en Dereito e tamén en Ciencias Sociais de Pontevedra, por este motivo se colocarían ordenadores nos tres centros.

Informa, por último, a secretaria que haberá unhas xornadas de difusión sobre o voto electrónico, ás que se invitará a toda a comunidade universitaria, incidindo especialmente na necesidade de asistencia dos Directores/as de Departamento nos que se vai empregar o sistema de voto electrónico, os membros das mesas, os Decanos/as dos centros implicados e os membros da Comisión Electoral.


A datas son as seguintes:

- Día 28: ás 12:00 horas en Ourense.
- Día 29: ás 10:30 horas en Vigo.

Finalmente, acórdase que a próxima reunión da Comisión Electoral sexa o día 30 ás 09:30-10:00 horas.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 horas do día 22 de abril de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther Mª González Pillado